



Rf.- A/S/C04-16

ANUNCIO

ASTO.- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO ADMINISTRATIVO DO SERVIZO DE BALIZAMENTO DE PRAIAS DO CONCELLO DE BUEU.

A Xunta de Goberno Local deste Concello, en sesión ordinaria celebrada o **04 de abril de 2016** adoptou entre outros o seguinte acordo:

“B) CONTRATACIÓN

1.- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO ADMINISTRATIVO DO SERVIZO DE BALIZAMENTO DE PRAIAS DO CONCELLO DE BUEU

1º.- Declarar expresamente, en cumprimento do art. 151.4 do TRLCSP, a relación dos candidatos admitidos na licitación nos termos que resultan dos antecedentes de feito que se relacionan na parte expositiva do presente acordo:

IDENTIDADE	RESULTADO
SERVISUB BUEU S.L. CIF.B- 36445252	ADMITIDA

2º.- Adxudicar a **SERVISUB BUEU S.L CIF.B- 36445252** e con domicilio social en Rúa Canibelos número 3 piso 2, porta dereita, BUEU (PONTEVEDRA), o contrato administrativo do servizo de balizamento de praias do concello de Bueu, polo importe de 8.351,55.-euros/ano, IVE excluído, sendo o IVE aplicable do 21% que ascende á cantidade de 1.753,82.- euros, o que supón un importe anual de adxudicación de 10.105,37 euros (IVE incluído).

O adxudicatario queda obrigado ao cumprimento das obrigas derivadas da súa proposición (sobre A, RE núm. 1431 de 2.3.2016), as procedimentais sinaladas nos PCAP e as relativas á execución do contrato nos termos previstos nos citados PCAP, concretamente ao contido da cláusula XVII, e nos pregos de prescricións técnicas (PPT) aprobados por acordo da Xunta de Goberno Local adoptado na sesión ordinaria do 01.02.16 e particularmente as seguintes:

- Consonte a cláusula XIII do PCAP e os arts. 156.3, en relación co artigo 112.2.b) do TRLCSP, o contrato que resulte deberá ser formalizado, no prazo máximo de quince (15) días hábiles seguintes o da recepción da notificación do acordo de adxudicación, en documento administrativo que se axuste con exactitude ás condicións da licitación, constituíndo dito documento título suficiente para acceder a calquer rexistro público. Non obstante, o contratista poderá solicitar que o contrato sexa elevado a escritura pública, correndo do seu cargo os correspondentes gastos. En ningún caso poderanse incluír no documento en que se formalice o contrato cláusulas que impliquen alteración dos termos da adxudicación. Cando por causas imputables ao adxudicatario non se formalizase o contrato no prazo indicado, a Administración poderá acordar a incautación sobre a garantía definitiva do importe da garantía provisional que, no seu caso se esixira. Se as causas da non formalización foran imputables á Administración, indemnizarase ao contratista dos danos e prexuízos que a demora lle poideran ocasionar. Non poderá iniciarse a execución do contrato sen a súa previa formalización.

- A duración contractual deberá axustarse ao disposto na cláusula II dos PCAP tendo en conta que o contrato comprende dous períodos: do 01 de xuño de 2016 ao 1 de xuño de 2017 e do 1 de xuño de 2017 ao 1 de xuño de 2018.

- Unha vez formalizado o contrato e, previamente ao inicio da prestación do servizo obxecto do contrato, en cumprimento do disposto na cláusula XVII.1 dos PCAP, o adxudicatario deberá obter, no



CONCELLO DE BUEU

DEPARTAMENTO SECRETARÍA

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

seu caso, as preceptivas autorizacións da capitanía marítima competente así como todos os restantes permisos e/ou licenzas que sexan necesarios para a prestación do servizo, elaborar o correspondente estudo de seguridade e saúde previsto na normativa vixente e, con carácter previo á instalación dos sistemas de balizamento, presentar no concello un programa de traballo co contido mínimo previsto na cláusula de referencia dos PCAP, que será informado polos servizos técnicos do concello, co visto e prace do responsable do contrato, debendo ser aprobado polo órgano de contratación, modificándolo, de ser o caso, o contratista no que fora necesario para adecuarse ás instrucións que ao respecto pudiera dar o responsable do contrato.

A iniciación do servizo quedará subordinada á aprobación do programa de traballo. Antes da instalación de balizamento deberá ter aprobada polos organismos competentes toda a documentación legalmente esixible en materia de seguridade e saúde, adoptando as medidas impostas polo plan de seguridade e saúde ao respecto, debendo designar unha persoa responsable por parte da empresa contratista das actuacións nesta materia que será o interlocutor válido co concello de Bueu.

O que se publica en cumprimento da orde contida no acordo de referencia en base aos principios de publicidade que rexen na contratación do sector público e que resultan da regulación contida no TRLCSP.

Bueu, a 05 de abril de 2016

O alcalde,
Félix Juncal Novas